



Fr. Rosendo Salvado (Tui 1/3/1814-Roma, 29/12/1900)

Naceu en Tui, no barrio de Riomuíños nunha familia acomodada (hoxe chamariámola de clase media, máis ben), con moitos irmáns. O seu nome de bautismo era Lucas José Rosendo. Outros tres irmáns seus seguiron a carreira relixiosa, un deles foi Santos (bautizado como Miguel dos Santos).

Rosendo entrou no noviciado da orde bieita aos 15 anos no mosteiro de San Martiño Pinario; en 1832 pronunciou os seus votos e consagrouse definitivamente á vida relixiosa. Durante este período formativo destacou polas súas habilidades musicais, sendo designado organista do mosteiro. No noviciado compostelán coñeceu a José Serra co que compartiu, ao longo da súa vida, vicisitudes e a experiencia da misión australiana.

En 1835-36, o goberno liberal presidido por Juan Álvarez de Mendizabal promulgou dúas leis cruciais na historia contemporánea do país e que marcaron o futuro tanto de Salvado como dos seus compañeiros de relixión: decretouse o peche dos conventos e mosteiros, a exclaustación de relixiosos e relixiosas e a desamortización (nacionalización) dos bens da Igrexa. Como outros moitos, Salvado e o seu irmán Santos tiveron que abandonar a vida relixiosa e volveron a Tui coa súa familia.

En 1838 retomou a súa vocación; para isto, viaxou co seu compañeiro José Serra ao Reino das Dúas Sicilias para incorporárense a unha comunidade de relixiosos bieitos. Foi alí onde oíu falar por vez primeira da evanxelización de Australia. Tras diversas vicisitudes Serra e Salvado enroláronse no grupo de relixiosos que acompañou a John Brady a tomar



posesión da súa sé de Perth, nas antípodas; en setembro de 1845 partiron de Londres rumbo a Australia Occidental.

Serra e Salvado comezaron pronto a executar o seu traballo evanxelizador. A tarefa que os misioneiros tiñan ante eles era bastante complexa: unha contorna ambientalmente difícil (con excesiva calor nalgúns épocas do ano), unha relixión protestante maioritaria, a presenza cada vez mais abafante de colonos en busca de terras e fortuna...; a vida nómade e centrada na súa propia cultura dos pobos que alí vivían desde sempre tampouco axudaba moito aos seus propósitos. Con todo, aos poucos comezaron a gañarse a confianza daquelas xentes que vivían á marxe dos europeos.



Ao contrario que outros grupos misioneiros e que unha parte importante da comunidade de orixe europea, Serra e Salvado iniciaron unha aproximación lenta pero segura aos aborixes que alí vivían. Ante a imposibilidade de seguirlles nas súas rutas en busca de alimentos, fundaron unha misión; chamárona inicialmente Misión Central e, máis tarde, Nova Nursia en homenaxe a San Bieito -fundador da súa orde- e a Nursia, cidade na que nacera.

Contan que frei Rosendo era un home de gran presenza física, forte e de firmes conviccións relixiosas. A súa vocación era a de salvar as almas daquelas xentes. O certo é que a misión tardou en funcionar, así que comezaron por centrar os esforzos na salvación dos seus corpos e evitar que morresen de fame. Por isto, a misión de Nova Nursia concibiuse como un pobo no que monxes e aborixes puidesen convivir e coñecerse; autosuficiente economicamente a través do cultivo dos campos e a coidado do gando. Era o orar e traballar da regra de San Bieito levada ás terras austrais. O pobo dispoñíase ao arredor da abadía.

Máis aló da suficiencia económica, Fr. Rosendo pretendía -como era habitual naquel tempo- a *civilización* daquelas xentes; cría que era un paso previo á súa conversión á fe católica. Foi, no entanto, un home moi respectuoso coa cultura australiana cuxa coherencia defendeu sempre e á que estudou con admiración e constancia. Tanto que hoxe os seus diarios e anotacións sobre ela son unha ferramenta fundamental para o coñecemento da vida e costumes daquel pobo. A abadía era o núcleo irradiador de civilización, aos poucos as xentes achegáranse a ela -sen presión, por convencimento- e acabarán vendo os beneficios da cultura e modo de vida europeo e da súa fe. Esta era a súa teoría.



Aplicouse, xa que logo á súa educación. Ensinoulles a traballar os campos, a fabricar ferramentas e todo tipo de obxectos. Fíxoo, segundo contan, partindo da realidade inmediata e dos seus referentes culturais; unha lanza ou un búmerang eran unha ferramenta educativa tan boa como calquera outra. Mesmo promoveu un equipo de cricket.

Contan que Salvado era un tipo moi atento ás novidades científicas e tecnolóxicas e intentaba implementalas no posible na súa misión que debía ser un lugar modélico. Particularmente estaba interesado en introducir novos cultivos, sobre todo aqueles aínda



non probados en Australia. Esta práctica tiña un dobre obxectivo: mellorar a imaxe da misión e dos seus habitantes ante os círculos de científicos e intelectuais (tanto en Australia como en Europa) e obter colleitas comerciais.

Malia que nestes anos foron moitas as dificultades e algúns dos primeiros misioneiros volveron á cidade, Serra e Salvado loitaron polo seu proxecto. Fr. Rosendo era, ao parecer, un tipo dado a planificar as cousas, a organizar e cheo de recursos; empregouse a fondo no seu compromiso, chegando a traballar como concertista de piano en Perth para recadar diñeiro para soste o seu proxecto. Foi, sen sabelo, o primeiro concertista profesional da historia australiana.

En 1849 volveu a Europa; viña acompañado por 2 rapaces da misión e traía o obxectivo de recadar fondos; viaxaría varias veces máis. Nestas viaxes e a través da súa inxente correspondencia (varios milleiros de cartas) foi tecendo unha rede de contactos que coas súas influencias, xestións, diñeiro ou, simplemente cumprindo os seus encargos, axudaron a levantar e manter a misión.

Por exemplo, a comunidade de Samos empregouse a fondo para conseguir ornamentos para a capela da misión; a súa familia de Tui conseguiu os instrumentos para a banda que formaron algúns homes da misión. Realizaba pedidos regulares aos seus múltiples correspondentes para que todo estivera o mellor posible; ata chegou a escribir a Florence Nightingale para comentar con ela métodos curativos e enfermidades contaxiosas.

Durante esta primeira instancia en Europa e, segundo di, a petición dos seus moitos coñecidos, escribiu as *Memorias históricas sobre la Australia y particularmente acerca de la misión benedictina de Nueva Nursia y los usos y costumbres de los salvajes*. Está escrita en Italiano, aínda que foi rapidamente traducida ao castelán e outras linguas

Ata que en 1867 foi nomeado bispo de Porto Vitoria e Lord Abade de Nova Nursia, liberado de calquera outra dependencia na xerarquía eclesiástica, non puido desenvolver en realidade o seu proxecto con total liberdade. Salvado, loitara pola independencia de Nova Nursia ao considerar que os bispos de Perth limitaban as súas iniciativas e filosofía. Como prelado deu maior amplitude ao traballo agrario na vida monástica e desenvolveu un importante esforzo máis público polos dereitos dos pobos nativos. Loitou pola igualdade legal de todos os que vivían en Australia e logrou certas melloras legais a este respecto.





A súa loita política partía dun convencemento relixioso: os nativos eran almas que había que preservar para que puidesen ser salvadas. Pero o certo é que o desenvolvemento de dereitos por parte das comunidades aborixes ameazaba a expansión dos colonos e chocaba frontalmente coas políticas desenvolvidas non só por boa parte da clase política senón tamén pola maioría dos misioneiros (católicos e protestantes). Foi un esforzo complicado que o levou a adoptar a cidadanía británica para poder presentarse ante os tribunais e nos foros públicos en defensa dos pobos australianos. De feito, en 1887 foi elixido Protector dos nativos australianos.

Entre 1869 e 1879 estivo acompañado na misión polo seu irmán Santos, que se afeccionou á fotografía. As imaxes de Santos son hoxe un dos tesouros da historia australiana e reflicten mellor que calquera relato a vida naquel recuncho do mundo. De volta a España, Santos foi un dos principais protectores e axentes da misión.

En 1889 conseguiu ser relevado do cargo de bispo; recibiu o cargo de Bispo de Adriana, sé inexistente, o que lle permitía conservar a súa autonomía sen ter que exercer labores pastorais. Retomou os seus esforzos na misión e alí estivo ata que faleceu en 1900 en Roma, durante unha viaxe a Europa.

Os seus restos mortais regresaron anos despois a Australia, a Nova Nursia onde hoxe repousan.